

Tema ABAU - Tema 8

▶ ~~Sector servicios e o proceso de terciarización da economía en España.~~

~~-Características do sector terciario.~~

~~-Causas da terciarización.~~

~~-Contrastes na localización dos servizos.~~



Prácticos ABAU - Tema 8

- Comentario dunha paisaxe turística.
- Mapas da distribución de redes e infraestruturas do transporte (AVE, autoestradas, autovías, ~~portos e aeroportos~~).
- Mapas ou gráficos sobre a distribución e tendencias do turismo.



Conceptos ABAU - Tema 8

Balanza de pagamentos comercial (páx 289)

Economía somerxida

Ecoturismo (páx 277)

Franquicia ou franquía (páx. 285)



Taxas aeroportuarias (páx. 267)

Tour operadores (páx 275)




Balanza comercial

Forma parte da *balanza de pagamentos* dun país. Esta balanza comercial **só rexistra** as importacións e exportacións de mercadorías dun país co resto do mundo ao longo dun ano, é dicir, non contempla a prestación de servizos entre países, nin a inversión ou o movemento de capitais. O **saldo** da balanza comercial é a diferenza do total das exportacións e as importacións, será positivo cando haxa máis exportacións que importacións (superávit comercial) e será negativo cando se importen máis mercadorías das que se exportan do país (déficit comercial).



Economía somerxida

Conxunto de actividades económicas que se desenvolven clandestinamente e escapan ao control fiscal e ás leis e normativas laborais. Aproveitanse de situacións de altos índices de desemprego e buscan non pagar impostos, cotas de Seguridade Social, e o pago de salarios baixos. Permite a subsistencia marxinal dun sector máis ou menos amplo da poboación que non recibe as contrapartidas sociais legalmente recoñecidas.



Ecoturismo

Nova tendencia do Turismo Alternativo, diferente ao Turismo tradicional. Céntrase na visita a espazos naturais protexidos, como parques nacionais ou naturais, nas que se combina a protección ambiental co uso recreativo e turístico suxeito ás regulamentacións establecidas.

Estas actividades turísticas buscan a *sustentabilidade*, a *preservación*, a *apreciación do medio natural e cultural*; pero ademias pretenden manter o benestar das poboacións locais, minimizando os impactos negativos para o ambiente e a comunidade local, e mantendo sempre un respecto ético polas leis laborais e os dereitos humanos dos traballadores implicados.



Ecoturismo en España

Guía de destinos sostenibles

Espacios naturales y empresas acreditados con la Carta Europea de Turismo Sostenible

Franquicia ou franquía

Cadeas de establecementos pertencentes a empresas xuridicamente distintas ligadas por un contrato no que unha (a franquidora) lles concede a outras (as concesionarias) a licenza, por un período determinado de anos, para explotar unha marca ou unha fórmula comercial mediante o pagamento dunha cantidade determinada, achegándolle a asistencia, a publicidade, etc. Este feito, xunto a unha organización do espazo interno e a creación dun ambiente de seguridade e confort ambiental moi similares en todos os casos, confírelles unha personalidade bastante estandarizada. As empresas concesionarias aproveítanse dos beneficios das compras centralizadas e das campañas publicitarias únicas.



 **del 20 a 22 de Octubre**

SIF&Co
LA ESTRELLA DE LAS FERIAS DE FRANQUICIA

Podrás contactar con nuestro Equipo Comercial en:
Salón Internacional de la Franquicia
- Feria de Valencia -

Consultar Promoción Especial Feria

¡No dejes pasar esta Oportunidad!

ZONAVERDE CONSUMIBLES | DEPARTAMENTO COMERCIAL

Taxas aeroportuarias

Son o prezo que en moitos países pagan os viaxeiros e as mercadorías, tanto en voos nacionais como internacionais, polo uso das instalacións e os servizos dos aeroportos.

O tráfico de mercadorías mediante transporte aéreo é escaso (agás no caso de bens perecedoiros ou valiosos) debido ao elevado custo do transporte e desas taxas aeroportuarias, que repercuten no prezo final dos produtos transportados.



Faltan:

01 : **20** : **05** : **48**
días horas min. seg.

para que se apruebe el
aumento de las tasas
aeroportuarias en España.



¡Compra ya y
ahorra hasta 19€!*



* Incremento de tasas aeroportuarias previsto en Proyecto de Ley de Presupuestos.
Ahorro calculado sobre la ruta Madrid-Barcelona-Madrid

